

Consideracións

Consideracións sobre a Visión global do sector forestal en Galicia

O CES considera salientable reflectir a **relevancia da dimensión do sector forestal** en Galicia dende un triple punto de vista: económico, social e medioambiental. Asemade, hai que resaltar o seu **gran potencial** e o **papel estratéxico** e básico que o sector forestal ten no conxunto da economía galega.

Galicia destaca polo elevado peso relativo da súa superficie forestal, xa que supón máis do 60 por cento da súa superficie, e representa o once por cento da superficie forestal española. A diferenza do acontecido no conxunto do Estado, cómpre salientar a tendencia crecente da superficie forestal por cada mil habitantes, que en 2001 ascende a 688,1 hectáreas.

Se consideramos que o sector forestal está formado polas actividades de “silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con elas” —entre estas actividades cómpre salientar as da produción forestal: madeira e leña, froitos, fungos, cama para gando, a caza, a pesca continental ou os prados e pastos—, industrias da madeira e da cortiza, cestería e espartería, así como a “industria do papel”, este xera o 2,5% do VEB galego en 2002, e acolle o 2,6% dos postos de traballo totais (2,9% do emprego asalariado) nese mesmo ano. Entre os anos 1995 e 2002, o VEB forestal medrou un 31,3%, fronte ó 32,9% do emprego total e o 39,0% do emprego asalariado.

En opinión do CES, dende o sector forestal hai **capacidade para xerar actividade, renda e emprego no medio rural**, de forma complementaria coa agricultura e gandería, compatibilizando e harmonizando os usos do solo sen xerar conflitos. A silvicultura, dentro do marco da xestión sostible, pode ser unha importante fonte de traballo no medio rural.

Sen embargo, cómpre indicar que existen **condicionantes estruturais** que dificultan un pleno desenvolvemento do sector forestal e que poden dificultar a loita contra os incendios. Entre estas dificultades, o CES considera necesario destacar:

- **A especial idiosincrasia da propiedade do monte galego.** A estrutura de propiedade individual privada non favorece a participación activa dos titulares forestais na xestión dos seus montes. O elevado número de propietarios forestais e a reducida superficie forestal por unidade de xestión, fai que a actividade xere uns ingresos por explotación que se poden considerar como residuais e complementarios. Isto provoca unha escasa vinculación do propietario co monte que é preciso corrixir.

Como reflicte o CES-Galicia nas *Consideracións* do seu Informe 2/2003 sobre *O subsector agrogandeiro e forestal en Galicia*, hai que destacar a singularidade da comunidades de montes veciñais en man común que se conserva en Galicia. É unha forma de propiedade xermánica, de natureza especial e lexislación específica (Lei do Estado 55/1980, de 1 de novembro e a Lei da Comunidade Autónoma 13/1989, de 10 de outubro), á que, no proxecto de Lei de Montes, se aplica, aos efectos de dito proxecto, o establecido para os montes privados. Mentres que as superficies forestais en mans dos particulares teñen unha superficie media inferior ás dúas hectáreas, estando divididas normalmente en varias parcelas, os MVMC teñen unha superficie en torno ás 250 hectáreas. Existen CMVMC ben estruturadas e xestionadas, aínda que unha porcentaxe importante presenta conflictividade ligada maiormente á propiedade, clasificacións defectuosas e ausencia de deslindes. O CES considera necesario a elaboración de plans de xestión e ordenación das CMVMC, que contemple medidas como ás relativas á catalogación, consolidación e clarificación da propiedade, coa conseguinte diminución da conflictividade asociada.

Cómpre salientar que, en moitos casos, a aplicación de fondos en forma de subvencións atopa un hándicap importante na devandita estrutura individual privada da propiedade xa que, ao aplicar as medidas ou os fondos, xa se leva acumulado un gasto fronte a outras comunidades que teñen propiedades de maior tamaño. En opinión do CES, este debe ser un dos importantes obxectivos das políticas autonómicas para por ao territorio forestal galego en igualdade de condicións no punto de partida para calquera fórmula de apoio.

- **O escaso movemento de traballo cooperativo.** O CES considera que as asociacións, agrupacións de propietarios forestais, e outros tipos de xestión conxunta da propiedade, xogarán unha función esencial na racionalización e vertebración do sector productivo, para lograr un maior e mellor desenvolvemento medioambiental e lograr a aplicación dos compromisos das Conferencias Ministeriais para a Protección dos Bosques en Europa.

O CES reitera que debería facerse a Lei autonómica de montes de Galicia, adaptando o dis-

posto na lexislación estatal á realidade forestal galega, facendo especial fincapé no desenvolvemento das figuras asociativas e de agrupacións forestais que permitan paliar o problema estrutural da microparcelación e minifundio xeneralizado da propiedade forestal particular de Galicia.

O CES considera necesario fomentar procesos de concentración parcelaria e de posta en marcha de iniciativas de xestión en común de montes particulares para acadar superficies viables para a aplicación da xestión forestal sostible en condicións de rendibilidade. Asemade, estas iniciativas posibilitarán reunir a superficie mínima en coto redondo (3 ha) para poder optar ás axudas autonómicas.

- **A escasa ou nula xestión profesionalizada do monte.** É necesaria unha xestión racional e sostible do monte e que este sexa capaz de producir bens e servizos valiosos e así contribuír ó desenvolvemento económico de Galicia.

- **O número de especies forestais** que poden desenvolverse en Galicia é **moi limitado** e ao igual que medran as árbores, tamén medra o matorral tanto do sotobosque como das zonas rasas sen arborado. Asemade, existe unha reducida diversificación de producións alternativas ou complementarias que, segundo o CES deberían potenciarse non só polas importantes rendas que poden producir, senón pola súa distribución, xa que ao ser en moitos casos producións anuais, ocasionan unhas rendas moi interesantes fronte aos longos períodos nos que se producen as rendas da madeira.

- **O descenso da poboación rural** e a rápida medra da súa idade media. Isto provoca que non se realicen prácticas de esquilme ou de limpeza do matorral, práctica habitual hai uns anos.

- Nos últimos anos rexístrase un **abandono de terreos forestais** (propietarios urbanos, herdeiros que non coñecen a propiedade, etc.). Nestas zonas “abandonadas” ou sen coidar polos seus propietarios, e aínda no caso daquelas superficies repoboadas con fondos comunitarios (reforestación de terras agrarias) cuestiónase a súa limpeza máis alá dos cinco anos nos que se cobra a prima de mantemento. Para evitar o descenso da poboación rural e o abandono dos terreos forestais cómpre crear as condicións socioeconómicas que dignifiquen as condicións de traballo.

Canto aos **recursos humanos**, propietarios, traballadores forestais e silvicultores, estes caracterízanse por ser un colectivo fragmentado e con reducida visión profesional, pola súa escasa formación técnica e medios didácticos adaptados ás súas necesidades, por ser un colectivo maioritariamente rural e con escasos coñecementos, así como polas dificultades socioculturais para a aprendizaxe.

En opinión do CES estase asistindo a un **importante proceso de cambio de realidades**. Nos últimos anos a superficie forestal arborada aumentou un 36% e o volume de madeira o fixo nun 150%. Eso débese, en parte, a unha eficaz loita contra os incendios forestais e que motivou unha maior confianza e seguridade entre os propietarios forestais e xestores dos montes.

Un feito positivo nos últimos anos é a existencia de axudas á forestación, cunha alta contribución de fondos comunitarios, para a aplicación das políticas de acompañamento da PAC. No concernente á **superficie repoboada** en Galicia, que tras un forte incremento entre 1996 e 1998, descende dende ese ano ata o 2001, cómpre salientar o predominio das repoboacións productoras (representan o 32,1% da superficie repoboada para estes fins no conxunto do Estado en 2001) sobre as repoboacións protectoras (representan o 5,3% das repoboacións protectoras en 2001 en España). Non obstante, a forestación das terras agrarias supuxo en moitos casos a eliminación de terreos susceptibles de uso para cultivos agrícolas ou aproveitamentos gandeiros, de posible maior rendibilidade.

Nembargantes a importancia do sector forestal, o CES considera que o **tratamento silvícola** segue a ser unha materia pendente na comunidade autónoma. A baixa porcentaxe de tratamentos ven favorecida pola propia estrutura do monte, moi atomizada, véndose acentuada pola especial orografía galega. As enfermidades e pragas son as causantes de máis da metade dos danos ocasionados en masas arbóreas madeirables, o que apunta á necesidade de facer maiores esforzos na formación e información dos propietarios, artellar máis subvencións para fomentar os tratamentos e levar a cabo actividades de carácter preventivo.

O CES resalta que é significativo que cun volume tan alto de cortas (aproximadamente a metade do total estatal) só se acade a cuarta parte do valor da **producción forestal** española, o que nos leva directamente a que se debe potenciar a calidade das producións para lograr maior valor.

Os datos do Inventario Forestal Nacional falan de que a posibilidade de corta está en torno aos 12 millóns de metros cúbicos, co que se podería chegar a unhas cortas de dez millóns de metros cúbicos compatibles cunha xestión forestal sostible que garante a persistencia e mellora da masa forestal.

A **cadea monte-industria** presenta importantes desequilibrios, cun claro déficit de madeira de calidade e uns destinos da madeira cara a transformacións primarias. Asemade, están pouco potenciadas as producións de madeira de calidade que poidan producir maiores ingresos aos propietarios e xerar industrias de segunda transformación. En opinión do CES débense apoiar as medidas técnicas (plans de xestión e planificación, tratamentos silvícolas, etc.) que dan como resultado produtos de maior calidade (madeira, etc.) que consigan aumentar a renda por unidade de superficie e xerar maior valor engadido nunha cadea industrial forte.

Á vez, o produtor forestal precisa dunha industria competitiva capaz de mercarlle a madeira a prezos rendibles. A desestructuración do sector e a propiedade orixina altos custos de extracción, transporte e xestión da madeira, de tal maneira que Galicia ten os prezos máis altos de Europa por tonelada posta en fábrica, repercutindo negativamente no prezo percibido polos propietarios forestais (o que se lle descontan os custos intermedios) e na competitividade. O CES considera que cómpre tomar medidas de estruturación e racionalización da propiedade e os aproveitamentos

Consideracións sobre a problemática dos incendios forestais

Os incendios forestais, que asolan os montes dos distintos países do sur de Europa cada vez que ás circunstancias climáticas favorecen a propagación do lume, supoñen un gravísimo problema de interese xeral dado o seu impacto tanto ecolóxico e medioambiental como económico e social. Neste senso, sería conveniente que en Galicia se abrise un amplo debate social sobre a problemática dos incendios forestais e se considerara a política contra incendios forestais coma unha política de Estado. O obxectivo deste debate, no que deberían participar tódolos grupos parlamentarios e os distintos axentes económicos e sociais, sería tratar en profundidade as directrices precisas para unha política de consenso contra os lumes forestais.

O punto de partida á hora de analizar a problemática dos incendios forestais en Galicia, é a consideración da existencia dun elevado número de lumes que é necesario atallar, e a existencia dunhas causas que non se eliminan e que hai que facelo. A partir destas dúas premisas, pódense desenvolver as diferentes políticas económicas, sociais e medioambientais dirixidas a solucionar este problema.

No que atinxe á evolución dos incendios, os datos da Consellería de Medio Ambiente reflicten a existencia de **dous períodos claramente diferenciados**. O primeiro entre 1990 e 1995, caracterizado por unha tendencia ascendente do número de incendios rexistrados, e o segundo, dende 1995, onde a tendencia é decrecente.

Doutra banda, hai que resaltar a elevada **concentración espacial e temporal** dos incendios. Nos terceiros trimestres do decenio 1994-2003 o 55,3% dos incendios tivo lugar en 819 parroquias, o que representa o 17,2% da superficie galega. Estas parroquias concentran case catro de cada dez hectáreas queimadas nese período de tempo.

Ao longo do período 1990-2004, a metade da superficie queimada en Galicia prodúcese en Ourense, seguíndolle en importancia a provincia de Lugo (17,8%). En termos de superficie arborada, case catro de cada dez hectáreas queimadas están en Ourense, acollendo case unha cuarta parte as provincias de A Coruña e Pontevedra.

Canto á distribución temporal, obsérvanse dous períodos con alto número de lumes: o período estival e finais do inverno-primaveira temprana. Entre o 25 de xullo e o 26 de setembro se producen o 47,9% dos incendios en Galicia, e na segunda quincena de marzo e primeira de abril un 20,1% dos lumes galegos.

Entre os anos 1990 e 2004 descende a superficie queimada por cada lume, pasando das 12,7 hectáreas do primeiro ano ás 3,0 hectáreas de 2004. A superficie media queimada por cada lume neses quince anos foi de 2,7 hectáreas, sendo a media de 3,0 hectáreas entre 1990 e 1995 e de 2,6

ha entre 1995 e 2004 (no conxunto do Estado, a superficie media queimada por cada lume ascendeu a 5,6 hectáreas nestes dez anos).

A devandita problemática levou ao goberno galego a elaborar un programa específico no ano de 1990 denominado **Plan INFOGA** (incendios forestais de Galicia). O seu obxecto é o establecemento da organización e procedemento de actuación dos recursos e servizos a disposición da Xunta e permitir, no seu caso, a coordinación e actuación conxunta dos diversos servizos e administracións implicadas na loita contra incendios.

Os obxectivos xerais que se pretenden son o de reducir a superficie queimada por cada lume, reducir o número de lumes, reducir o tamaño e número dos grandes lumes e reducir a superficie arborada queimada en cada incendio.

Ademais, a Xunta de Galicia contempla cubrir uns obxectivos complementarios, entre os que destacan a profesionalización do persoal da loita contra os incendios forestais, o fomento da colaboración cos veciños, coas entidades locais e as comunidades veciñais, e continuar coa labor de investigación das causas que os orixinan tanto na vertente policial, como forestal e sociolóxica.

A **política contra incendios** debe centrarse tanto nos aspectos de **extinción** ou ataque o lume, como nas medidas de **prevención**, sen esquecer os diferentes problemas que xiran sobre o monte galego e o espazo agrario en xeral e, como consecuencia, sobre a poboación. Asemade, xunto a estas dúas vertentes das políticas contra incendios, existe outra faceta a desenvolver, a **recuperación**, polo que haberá que incidir en plans de recuperación de zonas afectadas.

No que atinxe aos labores de extinción e prevención, sería necesario, por parte da Administración, a axilización e urxencia á hora da aplicación dos distintos plans, co obxectivo de adecuar os servizos de xestión administrativa aos servizos reais. Asemade, cómpre salientar a necesidade de elaboración dun Plan de Restauración e Recuperación de zonas afectadas por incendios forestais, xunto á Medidas agroambientais (*Regulamento (CEE) n°2078/92 do Consello, de 30 de xuño de 1992, sobre métodos de produción agraria compatibles coas esixencias da protección do medio ambiente e a conservación do espazo natural*) que teñan en conta as actividades tradicionais que vincule as comunidades rurais co monte.

A vinculación destas tres facetas (prevención, extinción e tratamentos silvícolas) debería realizarse de xeito que se optimizasen os medios dispoñibles, así como os recursos humanos, contratando e formando persoal profesional vinculado ao territorio, tratando de dar continuidade aos labores forestais e contribuír á revitalización económica/demográfica do mundo rural.

O CES entende que para favorecer a loita contra incendios forestais, e dada a incidencia no seu entorno, sería conveniente que os pregos de cláusulas administrativas particulares teñan en conta, entre os criterios obxectivos valorables, que as empresas acrediten dedicación, especializa-

ción no ámbito forestal e coñecemento da comarca, que conte con persoal con experiencia en terreo forestal e que prime o emprego na zona.

A política contra incendios debería encadrarse nun marco integral da política de montes de Galicia. Dende un plano xeral, cómpre detallar unha serie de actuacións a longo, medio e curto prazo:

- A longo prazo, os resultados deben estar condicionados polo rumbo marcado a través dunha ordenación do monte galego, un mapa de usos múltiples, onde queden claras as diferentes producións, os espazos naturais, as zonas de protección especial e zonas sensibles, acompañado dunha lexislación complementaria. De todos os xeitos, o desenvolvemento de dito plano require un tratamento moi específico e cualificado propio para ser tratado monograficamente, acompañado ademais doutras medidas relacionadas coa vertebración do mundo rural, a creación de emprego e o asentamento da poboación.

- A medio prazo, as medidas a acometer virían marcadas pola reconversión do monte galego: inventario e ordenación de masas de especies pirófitas; programa de silvicultura axeitado a esas especies. Asemade, habería que impulsar programas que potencien as relacións da poboación cos montes, cunha política encamiñada a divulgación e asesoramento en todos os ámbitos (educativos, formación, difusión) dentro do sector.

- A curto prazo, serían actuacións moi puntuais sobre o territorio: información a través de todas as comarcas da problemática e das causas dos lumes forestais; actuacións para o control do gando mostrenco (censo e propietarios, localización das zonas de pasto e criterios para o seu uso); actuacións sobre a caza (situación dos TECORES: titularidade, convenios, acoutamento, marco legal); intervención da Administración sobre os danos causados por xabarís, lobos, etc.; información sobre o estado actual dos lindeiros dos montes veciñais e actuación da Administración naqueles casos que o requiran; modificación do actual sistema de autorizacións de queima por outro que diferencie claramente as agrícolas das forestais, deixando os concellos para as primeiras como unha simple comunicación válida por un mes, namentres que para as queimas forestais o solicitante, que deberá ser atendido por persoal da Xunta —co asesoramento e acompañamento o lugar si fose preciso para realizala en condicións—, requirirá dunha autorización por un tempo moi limitado; eliminación do actual sistema de queimas controladas por outro de desbroce mecanizado onde sexa posible.

Nestas políticas de extinción, prevención e recuperación dos terreos afectados, un aspecto moi importante é o relacionado coa **saúde e risco laboral**. Os traballos relacionados cos incendios forestais son tarefas específicas de alto risco, polo que hai unha serie de requisitos que deberían ser de obrigado cumprimento co obxectivo de incrementar a eficacia e a seguridade:

- Profesionalización do persoal: e necesaria unha axeitada xestión preventiva baseada no adestramento do persoal, na súa formación, no equipamento de equipos completos e homologados e na dotación de equipos técnicos axeitados.

- Coñecemento da zona de actuación (pistas, camiños, accesos, etc.) e adestramento en condicións desfavorables, coma por exemplo, actuacións pola noite.

- Coordinar ou dirixir as actuacións de grupos de persoas de equipos municipais ou locais (temporais) e evitar os riscos innecesarios destes logrando a maior efectividade.

Deste xeito, e tendo en consideración a devandita concentración temporal e espacial dos incendios forestais en Galicia, o CES considera que se deberían optimizar os recursos económicos e humanos dispoñibles. A contratación de persoal debería adaptarse á mesma, e despois, arbitrar cadros de persoal máis estables, de carácter complementario, para facer fronte aos incendios noutros períodos de tempo.

O CES propón a creación dun certo número de cuadrillas profesionais por zonas dedicados á prevención extinción e a tratamentos selvícolas, con áreas de actuación proporcionais ao risco (menor áreas en zonas de máis perigo e maior extensión en zonas de menos incidencia), nas que a cuadrilla coñeza o territorio e que á vez, poida ter un alto nivel de profesionalización tanto nos seus medios persoais coma técnicos. Estes equipos contarán coa preparación e adestramento adecuados. A súa actuación sería ao longo de todo o ano, de xeito que en épocas de risco baixo podería estar realizando traballos de prevención e accións de preparación, formación e adestramento.

O sistema proposto permitirá ter medios profesionais adecuados en un número racional, sen que o colectivo que traballa nas tarefas contra incendios teñan que consolidarse como persoal laboral, o que incrementaría os gastos dos equipos de prevención, extinción e tratamentos selvícolas ata valores insostibles.

O mapa de reparto destes “grupos profesionais de extinción, prevención e tratamentos selvícolas” estaría formado por unhas bases operativas repartidas polo territorio en función do risco, distancia de actuación, accesibilidade no territorio, etc.

O CES considera que o eixo básico para a solución á gravidade do problema dos incendios forestais é o diálogo, a búsqueda de solucións entre o conxunto da sociedade. Neste senso, un aspecto positivo é a creación do Consello Forestal de Galicia (Decreto 306/2004, do 2 de decembro), onde están representados, xunto á administración, os diferentes axentes sociais, económicos e ambientais implicados no sector forestal. Sería aconsellable que se contara con todos os axentes económicos e sociais, buscando a maior participación posible.

En opinión do CES, as medidas políticas relacionadas cos sectores agrícolas, gandeiro, forestal, do lecer e do ensino son necesarias para incrementar e potenciar a **concienciación e sensibilización** social sobre a importancia do monte galego e os efectos negativos dos incendios forestais.

Entre as medidas de implicación no conxunto da sociedade, considérase fundamental o traslado ao eido educativo dos contidos e coñecementos ambientais, así como o fomento en toda a sociedade de valores que favorezan comportamentos compatibles coa preservación e mellora do medio.

O CES considera fundamentais as **medidas de posta en valor dos espazos forestais**. Deberíanse incorporar de maneira máis profunda os criterios de desenvolvemento sostible ao ámbito rural, de xeito que se considere a biodiversidade como valor social e de desenvolvemento. Tal como se recolle nas consideracións sobre a visión global do sector, debería potenciarse a diversificación de producións alternativas ou complementarias non só polas rendas que poden xerar, senón pola súa distribución e a capacidade para manter e xerar emprego no medio rural.

Cómpre salientar a importancia e a necesidade de afondar na realización de **programas de prevención activa**. Entre estas medidas, poderían indicarse:

- as repoboacións que se realicen deberían facerse predominantemente con especies autóctonas, de maneira diversificada (mosaicos) e con especies e zonas que favorezan o efecto barreira (áreas cortalumes). Sería necesario acometer a realización dun inventario de zonas de cultivo (abandonadas ou en activo) que se atopen no medio forestal, co fin de deseñar as devanditas áreas cortalumes “naturais”. Estas áreas axudarían ao mantemento da biodiversidade e da paisaxe.
- os tratamentos selvícolas permanentes.
- a formación ambiental dirixida a provocar un cambio de actitude sobre o uso do lume: demostración de formas alternativas de manexo do medio, a comprensión da importancia do monte no seu entorno e os beneficios que a súa conservación comporta (extensión forestal, novos aproveitamentos, formación profesional, ...).

En opinión do Consello, sería necesario implementar plans específicos para a **utilización enerxética da biomasa forestal residual**. Xunto aos beneficios que se poderían obter en termos de aforro en custos de prevención e extinción de incendios, o fomento do seu aproveitamento enerxético —a través de primas relacionadas directamente coas actividades da silvicultura— axudaría, ademais, á limpeza de vexetación altamente combustíble colaborando coas labores de extinción cando xa se produciu o incendio.

Deberíase regular a circulación de vehículos a motor no espazo forestal, non só pola incidencia no medio, senón porque dado que algúns incendiarios se desprazan nestes vehículos por zonas forestais, coa súa regulación quedaría moito máis limitado o seu movemento.

Outro tipo de medidas preventivas necesarias para desenvolver no medio rural e implicar aos cidadáns son a redución da combustibilidade dos montes, mediante o control e a ordenación do combustíble forestal, o fomento da agrupación de propietarios forestais ou a regulación de usos agrarios de risco.

Proponse unha reorientación do gasto en medios técnicos e humanos cara ao mantemento en condicións do monte. Por exemplo, investir o custo destes medios en maquinaria e contratacións para mantemento do monte podería evitar os sinistros masivos. Considérase que a limpeza dos montes na primavera suporía unha mingua considerable no número de sinistros, ademais dos beneficios da biomasa extraída.

No que aos **labores de extinción** se refire, é imprescindible a coordinación e implicación do patrimonio natural de todas as Consellerías da Xunta, así como a mellora da coordinación co resto das Administracións —central, Deputacións e local—. Todos os medios que teñan capacidade de intervención en incendios forestais (materiais e humanos) con que contan o conxunto das Administracións Públicas deben estar dispoñibles e actuar nestes sinistros.

É importante a promoción de acordos bilaterais coas comunidades autónomas limítrofes para a actuación conxunta, así como o seguimento e avaliación da aplicación de acordos de axuda mutua fronteiriza e multilateral (no seno da UE) para o seu perfeccionamento.

A Xunta de Galicia debería establecer convenios de colaboración coas empresas de servizos forestais (para implicalas nas labours tanto de prevención como de extinción). Estas empresas contan con traballadores coñecedores dos montes, e están integradas na súa meirande parte por xente que vive no rural.

O CES considera necesario incidir na aplicación das políticas orientadas á formación dos medios humanos de defensa contra incendios forestais, potenciando a mellora da formación continua e a profesionalización do sector.

Asemade, propónse a elaboración dun estudo sobre as necesidades de emprego na prevención e extinción dos incendios, que sería de gran utilidade para definir e acometer estas políticas. No pulo destas “novas” políticas de emprego sería imporante o incremento tanto dos investimentos públicos como privados.

En opinión do CES é necesario afondar na análise das **causas dos incendios**. A investigación destas causas debería ser o eixo sobre o que se plantexar calqueira política de montes, xa que unha vez coñecidas, se poderían artellar medidas para a súa redución. É preciso incrementar e potenciar os medios humanos e técnicos cos que se conta, así como mellorar a coordinación na investigación da causalidade dos incendios forestais, dado que isto é clave para a correcta planificación das actividades preventivas, ademais de servir como avaliación das medidas adoptadas.

Asemade, dado que segundo as estatísticas da Consellería de Medio Ambiente, case nove de cada dez incendios son intencionados, considérase que non é suficiente limitarse á “intencionalidade”, senón que habería que delimitar as intencións. Con todo, o CES considera que deberían aplicarse solucións aos problemas xa detectados de intencionalidade.

En opinión do CES sería necesario facer unha valoración económica das perdas anuais (ecolóxicas, económicas e sociais) a través dunha serie de variables homoxéneas.

Habería que desenvolver liñas de traballo co Poder Xudicial co obxecto de acadar unha maior concienciación social do problema, así como intensificar a acción sumarial da Fiscalía para

o procesamento dos causantes identificados. Tendo en consideración a gravidade do problema (social, económico e medioambiental), os seus efectos tamén deben enfocarse dende a súa tipificación como delito e a adopción de medidas que impidan a impunidade coa que actúan os incendiarios.

O fomento do intercambio de información sobre as sancións penais e administrativas, así como a súa publicidade, podería ter un efecto disuasorio sobre o uso do lume eliminando a súa aparente impunidade.

Considérase necesario lembrar as políticas aplicables ao control da venda da madeira queimada, así como a lexislación aplicable a urbanización en zonas queimadas. Debe quedar claro que a queima do monte non é rendible.

O CES considera necesario fomentar a coordinación entre as distintas administracións co obxectivo de atopar solucións aos conflitos de uso e ordenación do territorio. Neste senso, sería necesario definir un **protocolo de actuación e coordinación** de todos os medios técnicos e humanos dispoñibles. Habería que asegurar a compatibilidade das axudas/subvencións administrativas en zonas determinadas, en función dos conflitos de uso e os plans de ordenación do territorio.

Tal como reflicten os acordos da *Conferencia sectorial de medio ambiente sobre prevención e loita contra incendios forestais*, as **reformas fiscais** terían que ter en consideración o valor social e económico dos espazos forestais. Habería que avanzar na valoración das externalidades dos espazos forestais, o desenvolvemento do seguro de incendios forestais e a procura de novos instrumentos económicos e financeiros aplicables ao sector. ■